



Foi en agosto do ano 2000 cando a RDL lle adicara a Luísa Villalta (A Coruña, 1957) un dos seus monográficos nos que a autora lle fixo entrega dunha autopoética co título 'Sobre un certo estado de conciencia': "nada do meu é produto da análise nen da predeterminación, senón da vontade de expresar un modo de comprender o mundo e comprenderme a min mesma a comprender o mundo". Gañadora da última edición do premio Espiral Maior de Poesía co poemario 'En concreto', Luísa Villalta é hoxe unha voz poética madura, de equilibrio estilístico entre conceptual e visionario: carácter expresionista, entre emotividade e reflexión.

Luísa Villalta

Sobre un certo estado de conciencia

Comprender é un estado de conciencia orixinado por un desarranxo na concepción previa do mundo e produce, como consecuencia, a irrupción dunha expresión. En min este estado de conciencia fai ferver, por veces durante moito tempo, un magma informe que busca unha forma e, cando por fin a adopta, resulta unha forma que se podería ouvir: unha melodía, melodías contraponteadas, harmonías e disonancias (e non esquezamos que "ouvir" tamén está comprendido nos verbos "entender" e "sentir"). Destas melodías constrúo a miña "palabra melódica" que, penso, é toda poesía e, portanto, tamén a que eu fago.

O estado de conciencia a que me refiro parte en min da interpretación musical. Non abonda con ler unha partitura, como non abonda desenvolver as pautas elementais para vivir. A melodía que soa no violino xorde dun acto continuo da vontade (elexer uns movementos, depurar a intención e os seus resultados). Exercicio da vontade que se obedece a si mesma para producir unha forma coherente e significativa. Desta mesma vontade nace a palabra, como van nacemento estas mesmas palabras, agora, que ben sei nunca abundarán como explicación daquilo (facer poesía?) que non se vai deixar explicar.

Por suposto, nalgues permanecen os temas. Pero os temas son o máis impersoal do traballo poético. Os temas son moi poucos. A vida e a morte. Talvez só a vida (ou só a morte). Sexan os que foren, nas súas infinitas variacións poden encontrarse nas enciclopedias, nos libros de Historia ou (e non é raro) de Teoría Metamática, na información diaria que nos fai deglutir a realidade, en cada ocasión en que se ten a certeza de estar vivendo. Os temas non son meus, son o mundo mesmo. E, á vez, o mundo mesmo son eu. O tema é o que me fai a min comunidade: unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo devir de ser galega.